

Faro *da* Cultura

Adolf Hitler entrando en Austria logo do *Anschluss* (1938).



Cando semellaba que case todo estaba dito, as novas correntes historiográficas –obviamente científicas, non revisionistas– están a recolocar os distintos elementos que participaron de conflitos como a Guerra Civil española ou a Segunda Guerra Mundial. Verbo desta, James Holland pertence a esa nova xeración de historiadores que non se conforman con aceptar de maneira acrítica os estudos feitos ata agora. Non por simple discrepancia senón porque son capaces de ampliar a pescuda de materiais a investigar e os métodos (especialmente as vantaxes da tecnoloxía dixital) para facelo con resultados excelentes.

Así, presenta a primeira parte (*El auge de Alemania*, Ático de los Libros) da trilogía que pensa dedicar á guerra mundial de 1939 a 1945. Esta entrega inicial analiza os inmediatos antecedentes da invasión de Polonia e a prolongación do conflito deica 1941, cando Alemaña xa dominaba boa parte da Europa occidental e meridional. Unha análise que non esquece as condicións militares concretas pero que asemade considera outros elementos loxísticos que, dun xeito ou doutro, influíron no transcurso da contenda.

Un dos obxectivos de James Holland é desmontar os tópicos que, froito da propaganda na-

Investigar a *Blitzkrieg*

A guerra que Hitler non podía gañar

JOAQUIM VENTURA

zi ou da contrapropaganda aliada, quedaron fixados na historiografía e na mentalidade colectiva. Comezando polo concepto de *Blitzkrieg* ('guerra lóstrego') aplicado á invasión de Polonia. O historiador británico sostén que tal denominación foi inventada pola revista *Time* e que a rapi-

dez da Wermacht en ocupar (a súa parte) de Polonia foi debida á debilidade do exército polaco.

Outro mito que consegue desmontar é o da pretendida superioridade alemá en armamento. Verbo dos países inmediatamente adversarios (Francia e Reino Unido), Alemaña nin tiña tanto nin tan efectivo. Incluso, a pretendida mecanización da Wermacht non era tal por razóns estritamente de desenvolvemento industrial (Francia tiña un parque automobilístico civil superior e maior capacidade tecnolóxica e fabril). Aínda máis: boa parte da artillaría alemá era movida con cabalos, especialmente polo déficit endémico en combustible. Unha circunstancia que tiña outra repercusión loxística: a necesidade de dedicar campos de cultivo e transporte para garantir a alimentación dos animais en detrimento de usos máis proveitosos. Moitos artilleiros comezaron a guerra coidando establos.

Holland sitúa as discrepancias iniciais entre Hitler e o exército alemán (comandado pola aristocracia prusiana, fortemente conservadora en todos os sentidos). Non só unha diferenza entre políticos e militares senón tamén entre os delirios e manías do Führer e o criterio do alto mando da Wermacht. Un conservadorismo, o dos mi-

litares prusianos, que impedía que a tropa empregase uns uniformes máis cómodos e simplificados: ata sete distintos (e confeccionados á antiga) tiña cada soldado cando ingresaba no exército. Entre tanto, os británicos deseñaron uns uniformes e un calzado moito máis funcionais.

Outras das carencias que o historiador británico sinala eran as limitacións da mariña de guerra alemá en canto a portos (os máis deles no Báltico) ou a falta de minerais, metais e materias primas, fronte á dispoñibilidade que deles tiñan Reino Unido e Francia grazas á súa extensión mariña e máis ás súas colonias. Un dato que resulta curioso pola súa lóxica e imprevisibilidade é o das ganderías de porcos e ovellas: 4 e 24 millóns respectivamente no Reino Unido por –á inversa– 23 e 4 en Alemaña. Consecuencias? As ovellas comen herba e non disputan cereais cos humanos (como sucede cos porcos e o penso) e dan la, necesaria para tecer uniformes.

A lectura de *El auge de Alemania* é fácil malia a contundencia do volume. É historia narrativa e sen esquecer a importancia dos datos estatísticos, estamos diante dun relato de dimensión humana, coas lembranzas dos seus protagonistas e a evocación dos lugares onde sucederon os feitos (desde os búnqueres do Atlántico ata os vagóns de tren particulares de Hitler ou Goebbels).

BANDA DESEÑADA: FUN
HOME ENTRE NÓS / PÁX. II

ENTREVISTA CO ESCRITOR
MANUEL LOUREIRO / PÁX. V

TEATRO: NO RETORNO
DE VIEIRO CHOÍDO / PÁX. VIII